

Expediente: 72/2026

Asunto: Aprobación da resolución provisional de admitidas/os no servizo de Tempo de Pascua 2026 do programa Outes Concilia.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista da normativa de funcionamento do Programa Outes Concilia, publicada no BOP núm.139 de data 27 de agosto de 2020, no que se contempla a prestación do Servizo de Tempo de Pascua 2026, durante o período non lectivo, coa finalidade de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral mediante a prestación de servizos ás familias con persoal especializado.

Á vista do disposto no Artigo 8 e seguintes do citado Regulamento, así como das solicitudes presentadas para a participación no servizo de Tempo de Pascua 2026, procede a aprobación provisional da listaxe de admitidas/os.

En exercicio da competencia residual atribuída polo artigo 21.1 s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar a listaxe provisional de admitidas/os no servizo de Tempo de Pascua 2026, elaborada segundo o establecido no Regulamento do Programa “Outes Concilia”:

LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDAS-OS NO SERVIZO DE TEMPO DE PASCUA 2026, DO PROGRAMA “OUTES CONCILIA ”

N.º DE REXISTROS
2026-E-RE-339
2026-E-RE-340
2026-E-RC-879



2026-E-RE-347
2026-E-RE-348
2026-E-RE-349
2026-E-RE-352
2026-E-RE-353
2026-E-RC-896
2026-E-RE-361
2026-E-RE-372
2026-E-RE-380
2026-E-RC-944

SEGUNDO. As persoas que figuran como admitidas/os con praza na listaxe provisional do Servizo de Tempo de Pascua 2026, punto primeiro da resolución, deberán presentar a documentación obrigatoria conforme ás condicións da convocatoria.

De non formalizarse dito proceso e conforme ás condicións da convocatoria, decaerá o dereito á praza.

As renuncias ás prazas deberán ser presentadas conforme ao modelo normalizado, ben por sede electrónica do Concello de Outes (<https://outes.sedelectronica.gal>) ou de xeito presencial no rexistro xeral do Concello de Outes.

TERCEIRO. Publicar dita resolución conforme ao artigo 9 do Regulamento no taboleiro de edictos e na Páxina Web (outes.gal) para a súa difusión e, no seu caso, presentación de suxestións ou reclamacións oportunas no prazo de 5 días hábiles desde o día seguinte da súa publicación. No caso de que non se presenten reclamacións a presente Resolución terá carácter definitivo.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

